

PARENTESCO E FORMAS DOMÉSTICAS NAS TERRAS DO EUME (1950-1998)

Francisco Xabier Rodríguez Varela

INTRODUCCIÓN

Este estudio é unha pequena parte dunha investigación máis ampla centrada en aspectos culturais de varias áreas da provincia da Coruña, a maior parte delas situadas ás beiras do río Eume, no arciprestado de Bezoucos. Aquí imos centrarnos no actual concello da Capela.

Unha das orixes da reflexión que motivaron a hipótese que aquí tentaremos demostrar foi algunha das afirmacións que insistentemente ofrecían habitantes desta área nas conversas que mantivemos ao longo dos primeiros meses de traballo de campo antropolóxico que estamos a levar ao cabo alí. Dende o principio puidemos constatar como unha das imaxes máis recorrentes na propia visión que os capeláns teñen da súa experiencia era o feito do moito que teñen mudado as cousas dende hai uns anos.

Nese contexto reflexivo xeral inclúen a idea de que tempo atrás as casas, no seu sentido máis amplo, entendidas como institución, eran moito máis dinámicas que agora, estando formadas por moitas persoas e respondendo a unha funcionalidade que en nada ten que ver coa de hoxe en día. Preguntando pola posible vixencia de modelos e patróns de estruturación doméstica academicamente apreendidos, a resposta era unánime: "diso, hoxe nada de nada". O pasado é visto como un conxunto de limitacións coercitivas que a liberdade e o individualismo actual teñen rachado. Do mesmo xeito apúntase a determinación económica como a causa máis concluínte das transformacións dos costumes. A nosa inquedanza ía cara á busca da coherencia entre o que se dicía que se facía e o que se facía realmente.

Un segundo motivo de reflexión é outro dos argumentos que temos oído aos nosos informantes. O concello é fundamentalmente rural combinando en moitas ocasións a explotación familiar modernizada productora de leite para a venda con traballos no sector industrial e foi entrando a modiño nun sistema de valores "moderno", máis urbano. Isto sería algo que sucede en todas as áreas rurais cando están en zonas de forte influencia industrial e cando a tecnificación da produción agropecuaria introduce nas explotacións familiares as relacións de mercado.

En todo ese contexto unha das variacións máis notables observable por parte da maioría dos informantes foi a transformación dos modelos tradicionais de composición doméstica. A hipó-

tese coa que aquí imos traballar é a de que sen dúbida se teñen producido significativas transformacións neses modelos, pero cremos que se pode afirmar que todavía teñen vixencia, constatándose a existencia do que S. C. Rogers denomina para o caso da comarca que ela bautiza como Ste Foy como unha "volta cara á tradición dentro dun contexto moderno"¹.

O obxecto de estudio propiamente neste caso é a análise detallada da composición interna dos grupos domésticos, dado que tal como afirma J. Bestard "*o estudio da estrutura interna da organización doméstica pode considerarse como un elemento catalizador para entender a estrutura social, os desenvolvementos económicos e a súa relación cos modelos culturais dunha sociedade*"².

ALGÚNS PRESUPOSTOS TEÓRICOS

Tan só imos establecer neste apartado as formulacións teóricas básicas nas que fundamentamos a nosa análise sen pretender ser exhaustivos na descrición dos debates que en torno a este asunto se teñen producido nos últimos tempos³.

O tema da familia e todo o que se relaciona con ela é estudiado fundamentalmente dende a antropoloxía, a socioloxía, a demografía histórica e o dereito. Cada unha destas disciplinas ten o seu propio enfoque e atende aspectos concretos da institución familiar. Cremos que en todas elas hai achegas significativas, e para o tema da composición das estruturas familiares imos recorrer a conceptos e tipoloxías acuñados fundamentalmente dende a antropoloxía e dende a demografía histórica.

Por un lado empregaremos unha tipoloxía desenvolvida polos demógrafos históricos: o esquema de clasificación elaborado por P. Laslett⁴ Este esquema foi amplamente debatido xa que presenta evidentes limitacións segundo os casos⁵. Como exemplo dos problemas que suscita cabe sinalar que non é o mesmo un viúvo ou viúva con fillos que unha nai solteira ou un pai divorcia-

1. ROGERS, S. C. *Shaping Modern Times in Rural France. The Transformation and Reproduction of an Aveyronnais Community*. Princeton University Press. Princeton. 1991.
2. BESTARD CAMPS, J. *Casa y familia. Parentesco y reproducción doméstica en Formentera*. Institut D'Estudis Balearics. Palma de Mallorca. 1986. p 68. A traducción ao galego das citas foron todas realizadas por nós.
3. Para este tipo de cuestións existe unha ampla bibliografía tanto para o caso español coma para outros países europeos. Pódese consultar entre outros a REHER, DAVID S. *La familia en España pasado y presente*. Alianza Universidad. Madrid 1996. WALL, R "La transformación de la familia europea, siglos XVI-XX". *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 9. Santiago, 2000. CHACÓN JIMÉNEZ, F. (ed.) *Historia social de la familia en España*. Alicante 1990.
4. LASLETT, P. e WALL, R. *Household and Family in Past Time*. Cambridge. Cambridge University Press. 1972 tamén se pode consultar Hammell E. e Laslett, P. "Comparing household structure over time and between cultures" *Comparative Studies in Society and History*, 16, 1974.
5. Ver entre outros RUGGLES, S. "The Transformation of American family structure", *American Historical Review*, 99. 1994.

do con fillos aínda que nesta clasificación entren nunha mesma categoría. No mesmo sentido cabe citar a dificultade de tipificar as novas estruturas familiares "informais". Nembargantes temos que dicir que os casos atopados que puideran suscitar dúbidas foron escasos.

Pero a disciplina na que descansa a maior parte dos conceptos que empregamos é a antropoloxía. A análise antropolóxica da familia é algo xa tradicional nela dende as súas orixes. Nós imos partir do traballo realizado por C. Lisón Tolosana en Galicia⁶. Nesta obra o autor, despois dun prolongado traballo de campo, establece a existencia de catro variantes en canto a formas de familia e herencia. A área que nos imos estudar está encadrada no tipo de comunidade familiar que máis presenza ten en Galicia: a familia troncal. Neste tipo "*o primoxénito –ás veces outro calquera dos fillos- representa e perpetúa a linealidade, herda en transmisión agnática a maior parte da propiedade e está obrigado a residir na casa paterna*"⁷.

Relacionado con este predomínio do ideal cultural da familia troncal estaría a presenza das estruturas familiares nas que conviven tres xeracións. Na seguinte táboa amosamos a porcentaxe de fogares nos que existen membros de tres, dúas e unha xeración no conxunto do concello da Capela, tanto nas tres parroquias que o forman como no total municipal.

Porcentaxe de fogares nos que conviven tres xeracións:				
	Nº xeracións	1970	1986	1998
CAPELA	3xer.	38.9	37.6	27.4
	2xer.	44	46.2	43.2
	1xer.	16.9	16.4	29.2
CAAVEIRO	3xer.	36.6	52.6	45.2
	2xer.	51.6	26.3	30.1
	1xer.	11.6	21	24.5
CABALAR	3xer.	36	16.8	25.5
	2xer.	48.4	49.6	48
	1xer.	15.4	33.6	26.4
CONCELLO	3xer.	38	33.7	29.14
	2xer.	46	44.5	42.02
	1xer.	15.8	21.7	28.02

6. LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Akal. Madrid, 1990 (orix. 1979). Ver tamén LISÓN TOLOSANA, C. *Invitación a la antropología cultural de España*. Akal. Madrid. 1991 (orix. 1980).

7. LISÓN TOLOSANA, C. *Pérfiles simbólico morales de la cultura gallega*. Akal. Madrid. 1981 (orix. 1974).

Tal como se pode ver na táboa, a presenza dentro dos núcleos familiares de efectivos de tres xeracións é certamente significativo, o que inicialmente apoiaba a nosa hipótese de traballo. Pero neste punto é conveniente facer unha puntualización importante. Somos conscientes de que toda táboa, toda estatística, non é mais que unha foto fixa da que se escapa un elemento esencial: a dinamicidade, o paso do tempo. A composición interna dos grupos domésticos está en relación cos ciclos de desenvolvemento familiar. As familias troncais teñen un ciclo de vida doméstica que implica varias fases: unha primeira de tres xeracións na que conviven un matrimonio maior, un fillo casado na casa e os fillos deste. De seguido viría unha fase de dúas xeracións trala morte dos proxenitores e antes de que algún neto que vive na casa tivese descendencia. A terceira fase sería a volta a unha situación de tres xeracións coa descendencia do neto.

Este concepto de ciclo doméstico é importante porque implica que sempre hai unha porcentaxe de casas que aínda que sigan o modelo troncal de familia estarán nun ciclo de dúas xeracións, polo que as porcentaxes que aparezan con tres xeracións ten que ser corrixida á alza⁸. Segundo estes criterios que aquí describimos dun xeito moi esquemático, considérase que a familia troncal é a familia doméstica preferida nunha área se alomenos entre un 10 e un 15 % de todas as casas teñen esa forma de organización.

A táboa que presentamos máis arriba amosa unha situación na que claramente nos atopamos cunha área de preferencia da familia troncal. E isto é o que nos tentaremos demostrar.

PRESUPOSTOS METODOLÓXICOS:

C. Lisón Tolosana ten destacado o carácter polisémico do monema familia, así como que "*o equivalente simbólico total desa voz é tan excesivamente amplo*" que se trata dun significante con posibles referencias dentro dun dilatado campo semántico⁹.

Relacionado con esa polisemia nós imos concretar en que aspectos nos centraremos na nosa investigación. Partimos da distinción entre estrutura e función do grupo doméstico tal como está descrita e empregada por J. Bestard na súa monografía sobre Formentera¹⁰. Referímonos aquí á súa idea de que "a familia é unha unidade de parentesco" da que o que nos interesa neste momento é a súa morfoloxía. Neste sentido "*o criterio fundamental é a residencia común e a base das derivacións é a través das relacións de parentesco que unen aos membros do grupo doméstico*"¹¹.

8. Sobre este tema pódense consultar moitas referencias, remitímonos a Berkner "The stem family and the developmental cycle of the peasant household: An eighteenth century Austrian example". *American Historical Review*, 77. 1972. Tamén GOODY, J.(ed) *The developmental Cycle in domestic Groups*. C.U.P. Cambridge. 1958. Gibbon, P. e Curtin, c. "The stem family in Ireland" en *Comparative Studies in Society and History* 20. 1982.

9. LISÓN TOLOSANA, C. "Estructura antropológica de la familia en España" en ROF CARBALLO, J(ed). *La familia, diálogo recuperable*. Karpos. Madrid. 1976.

10. *Op. Cit.* px 68-69.

11. *Op. Cit.* px 69.

Xa que imos centrarnos nos aspectos morfolóxicos e tomar como criterio fundamental a residencia, parécenos máis útil empregar fundamentalmente o concepto de grupo residencial, máis axeitado que o de familia e incluso que o de grupo doméstico, tratando de evitar as ambigüidades que nos provocarían outros termos.

Dentro das posibilidades que tiñamos para realizar o noso estudo entendemos que o máis adecuado ao obxectivo que perseguimos é o procedemento empregado por J. Bestard dentro da antropoloxía. Pensamos que é importante optar na medida do posible por unha certa homoxeneidade na metodoloxía de análise para poder realizar máis adiante todas as comparacións necesarias entre os distintos estudos. É por todo isto que nós imos seguir o modelo establecido por este autor na súa monografía *Casa y familia. Parentesco y reproducción doméstica en Formentera*.

Dentro deste apartado metodolóxico realizaremos un último apontamento referido á elaboración dos datos. Partimos inicialmente dos padróns municipais de poboación dos anos 1998, 1986 e 1970. Antes deses anos non existen padróns municipais debido a un incendio no antigo local do concello. Para o ano 1950 reconstruímos o padrón a partir dos rexistros civís de nacementos, defuncións e matrimonios. Estes libros tamén foron consultados para os anos 1998, 1996 e 1970. Logo cotexáronse os datos obtidos cos libros de rexistro parroquiais de bautismos, defuncións e matrimonios. Todos os datos do ano 1998 foron contrastados en todas as casas do municipio por un grupo de investigación que traballou alí durante o verán de 1998. Máis tarde foron seguidamente contrastados co noso propio traballo de campo todos os datos obtidos para cada un dos anos, buscando a confirmación por medio de informantes cualificados da zona que achegaron numerosas aclaracións e explicacións das transformacións nas estruturas domésticas.

Nos grupos domésticos estudados inclúese todo o concello agás o lugar de Poboado do Eume, buscando prescindir daqueles grupos constituídos enteiramente por individuos de fóra do municipio (trátase dunha barriada de vivendas para persoal empregado nunha grande empresa industrial); tamén prescindimos do lugar das Neves por ser o núcleo poboacional onde se concentran máis grupos domésticos desvencellados da actividade agropecuaria.


Número de grupos domésticos analizados		
<i>ANO</i>	<i>HABITANTES</i>	<i>Nº DE GRUPOS DOMÉSTICOS*</i>
1950	2.182	390
1970	1.984	342
1986	1.839	360
1998	1.623	355

* Do cómputo de grupos domésticos exclúense os lugares das Neves e Poboado do Eume

Por último xustificamos a elección do período analizado, 1950-1998, por abranguer a segunda metade do século XX na que se teñen producido significativas transformacións socioeconómicas na zona. Partindo do que sería unha comunidade vivindo segundo o modelo de organización socioeconómica dun "antigo sistema"¹² a principios do período estudiado, prodúcense nas seguintes décadas unha serie de transformacións que van mudar moitos aspectos: emigración, industrialización, mecanización do campo, políticas estatais de servicios sociais (pensións), etc.¹³

A ÁREA ESTUDIADA

A área de estudio vén constituída basicamente polo actual concello da Capela. Hoxe en día conta con tres parroquias: San Boulo de Caaveiro, Santa María de Cabalar e Santiago de Capela. Pero anteriormente contaba con sete parroquias máis que no ano 1883, despois dun expediente de segregación, pasaron a formar parte do concello das Pontes. Centraremos neste estudio nas tres parroquias actuais, de tal xeito que os datos cos que imos traballar serán sempre referidos só a elas, incluso naqueles anos nos que o concello era máis grande.



12. Ver Fernández deROTA, J. A. *Antropología de un viejo paisaje gallego*. CIS-Siglo XXI. Madrid. 1984.

13. Para unha detallada descrición de todo este proceso e as súas implicacións ver Fernández de ROTA, J. A. e IRIMIA FERNANDEZ, M. *Los protagonistas de la economía básica. La vanguardia ganadera y la casa en el este de la provincia de A Coruña*. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña. 1998.

O crecemento da poboación dentro das parroquias que analizamos foi sostido dende a década dos 20 ata os anos 40-50. Dende 1950 o descenso da poboación será paulatino ata os anos 80 a partir do que se aprecia unha certa estabilidade poboacional. Trátase dun concello esencialmente agrario que, partindo dun sistema de policultivo de autoconsumo, a partir dos anos 50, pero sobre todo dos 60, inicia unha profunda transformación orientándose cara á especialización das granxas familiares derivada á produción de leite para a venda. Todo ese proceso foi acompañado dunha serie de iniciativas de cooperación veciñal para a produción e a venda, das que a máis significativa foi a Cooperativa do Campo da Capela fundada xa en 1969.

Un factor moi importante foi o feito de que o réxime de posesión da terra maioritario nos anos 60 era a propiedade. A área estaba habitada por todo un conxunto de pequenos propietarios. A este factor sumouse o feito de que nos anos 60 e 70 se produciuse a expansión do sector naval (ASTANO e BAZAN) na zona de Ferrol, así como a expansión do complexo mineiro-enerxético de ENDESA nas Pontes. A situación xeográfica da Capela, próxima a ambos polos industriais, propicia que un importante continxente de personas pasen a traballar nesas industrias.

Aquí dous aspectos son destacables. Por un banda ofrécese unha saída ás persoas que o sistema de familia troncal "expulsa" do grupo familiar, minorando os efectos dunha fonte de tensións. Pola outra, ao contrario do que sucedeu en concellos veciños onde as actividades agropecuarias foron abandonándose por outras no sector industrial, na Capela dáse unha simbiose entre as dúas alternativas. Os homes desempeñan traballos no sector industrial e as mulleres fanse cargo da explotación gandeira familiar. Os ingresos do sector industrial reinvestidos no agrario propician unha significativa modernización das granxas. En conxunto, a suba dos niveis de renda e de calidade de vida no concello foi moi notable.

A COMPOSICIÓN INTERNA DOS GRUPOS RESIDENCIAIS

Cos datos que elaboramos a partir do estudio dos arquivos e do propio traballo de campo construímos a seguinte táboa referida á estrutura formal dos grupos residenciais.

En todos os anos analizados os grupos residenciais do tipo *familia conxugal*, aqueles nos que existe un só núcleo conxugal, son os que presentan as porcentaxes e os valores absolutos máis altos. Oscilan do 37.5 % en 1986 ata o 47% en 1998. Tendo en conta que hai que destacar que en ningún dos anos esa porcentaxe chega ao 50% dos grupos de residencia, manténdose por debaixo do 40% nos anos 1970 (38%) e 1986 (37.5%); o 40% só se supera lixeiramente nos outros dous anos, 1950 (43%) e máis claramente en 1998 (47%).

Os grupos residenciais do tipo *solitarios* presentan unha variación das proporcións que reflicten unha recuperación, e incluso superación, no ano 1998 (13.8%) das porcentaxes que pre-

Composición dos grupos residenciais (1950-1998).				
	1950	1970	1986	1998
1. SOLITARIOS	46 (11.7%)	16 (4.6%)	27 (7.5%)	49 (13.8%)
2. SEN FAMILIA CONXUGAL	35 (8.9%)	11 (3.2%)	13 (3.6%)	9 (2.5%)
3. FAMILIA CONXUGAL	168 (43%)	130 (38%)	135 (37.5%)	167 (47%)
a. Parella sen fillos	24	20	31	39
b. Parella con fillos	81	80	85	97
c. Viúvo con fillos	13	8	7	8
d. Viúva con fillos	50	22	12	23
4. FAMILIA EXTENSA	98 (25.1%)	112 (32.7%)	100 (27.7%)	81 (22.8%)
a. Lineal				
Patrilineal	14	25	22	24
Matrilineal	11	17	28	25
Ambilineal	1	1	2	3
Non determinado	-	-	1	-
b. Colateral				
Patrilateral	27	22	16	12
Matrilateral	11	8	7	4
Ambilateral	1	-	-	-
Non determinado	-	1	-	-
c. Lineal e colateral				
Patrilateral	24	20	11	5
Matrilateral	6	16	10	8
Ambilateral	3	2	3	-
5. FAMILIA MÚLTIPLE	43 (11%)	73 (21.3%)	85 (23.6%)	49 (13.8%)
a. Lineal				
Patrilineal	5	17	23	21
Matrilineal	5	12	28	12
Ambilineal	-	1	2	-
b. Lineal e extensa colateral				
Patrilineal	13	20	12	12
Matrilineal	16	19	11	3
Ambilineal	3	2	4	-
c. Colateral				
Irmán	-	-	-	1
Irmá	1	1	1	-
Outros colaterais	-	1	4	-

sentaban en 1950 (11.7%) despois dunha clara diminución nos anos intermedios: 1970 (4.6%) e 1986 (7.5%).

En canto aos grupos residenciais con máis dun membro pero nos que non existe *familia conxugal*, do tipo sen familia conxugal, atopamos que amosan unha presenza significativamente decrecente ao longo de todo o período, con valores que van dende o 8.9% de 1950 ata o 2.5% en 1998.

Para o caso dos grupos residenciais do tipo *familia extensa* atopámonos cunha variación das porcentaxes que é simetricamente oposta á que vimos que sucedía no tipo de grupo residencial

de familia conxugal. Se neste último tipo se aprecia como as porcentaxes eran máis elevadas ao inicio e á fin do período analizado, cunha clara diminución nos anos centrais, para o tipo de grupo residencial que agora nos ocupa as porcentaxes máis altas preséntanse nos anos centrais, 32.7% en 1970 e 27.7% en 1986, mostrando as menores porcentaxes nos anos de principios e finais do período analizado: 25.1% en 1950 e 22.8 % en 1998.

Similar variación nas porcentaxes é a que nos amosan os datos obtidos do tipo de grupos domésticos *múltiples* que dende un valor do 11% para 1950 vai aumentando ata o 23.6% de 1986, para caer xa en 1998 o 13.8%.

Como trazo xeral podemos establecer que os aumentos de porcentaxes dos tipos de grupo residencial extenso e múltiple nos anos intermedios realízase á custa da diminución dos outros tipos de grupo residencial e viceversa cando nos esteamos a referir ao caso dos anos de inicio e fin do período analizado.

No que se refire á proporción dos grupos residenciais múltiples con respecto aos grupos extensos, encontramos que os primeiros sempre presentan valores por debaixo dos segundos aínda que cunha lixeira tendencia a ir diminuíndo esa diferenza: 25.1% de grupos extensos fronte o 11% de grupos múltiples no ano 1950, e 22.8% de grupos extensos por un 13.8% de grupos múltiples no ano 1998.

Ao longo de toda a segunda metade do século XX que estudiamos é significativo destacar o feito de que nos catro momentos seleccionados o conxunto de grupos residenciais múltiples e extensos sempre acadan porcentaxes superiores ao 35% do total, e incluso superan o 50% nos anos 1970 (54%) e 1986 (51.3%).

Como resumo podemos dicir que os grupos residenciais de tipo conxugal son os máis numerosos. Os grupos extensos superan a proporción dos múltiples, e estes últimos sempre están en valores superiores ao 10%. Grupos extensos e múltiples xuntos incluso chegan nalgúns casos a superar os conxugais, pero, en xeral sempre están en valores que superan amplamente o 30%. Estes datos apoian a hipótese de que a familia troncal todavía conta con unha significativa vixencia no concello da Capela no período estudiado.

TIPOS DE PARENTES NOS GRUPOS RESIDENCIAIS EXTENSOS E MÚLTIPLES

No caso dos grupos residenciais extensos e múltiples é moi útil reseñar cales son os tipos de parentes que conviven co núcleo conxugal de referencia, aquel no que situamos a *ego*. Con este obxectivo recorreremos ao procedemento da descrición xenealóxica de cada un deses grupos residenciais extensos e múltiples.

Tomamos como elementos básicos os membros do núcleo conxugal de referencia, os cónxuxes e, no caso de habelos, tamén os seus fillos e fillas. Cando a estes compoñentes básicos do grupo residencial se agregan parentes consanguíneos directos estamos diante dun grupo residencial extenso de tipo lineal. Diferenciamos en cada caso se esa extensión lineal se fai a través do esposo (H) ou ben a través da esposa (W) do núcleo conxugal de referencia. Así mesmo distinguimos cando esa extensión lineal vén establecida por medio de parentes consanguíneos directos ascendentes ou descendentes.

A partir destes criterios preséntansenos as seguintes posibilidades de extensión lineal:

1) Grupos residenciais extensos lineais patrilineais: o lazo de parentesco vén establecido por medio do esposo (H) cando os consanguíneos directos son ascendentes, e por medio do fillo (S) cando os consanguíneos son descendentes.

F: Pai.

FF: Pai do pai.

FM: Nai do pai.

SCh: Fillos do fillo.

2) Grupos residenciais extensos lineais matrilineais: cando o lazo de parentesco é establecido a partir da esposa (W) no caso dos consanguíneos directos ascendentes, ou ben da filla (D) no caso dos consanguíneos directos descendentes.

M: Nai.

MF: Pai da nai.

MM: Nai da nai.

DCh: Fillos da filla.

Cando xunto ao núcleo conxugal de referencia conviven parentes consanguíneos por vínculos de irmandade atopámonos diante dun grupo residencial extenso de tipo colateral.

Tamén nestes casos diferenciamos cando ese vínculo parental de colateralidade vén establecido por medio do esposo (H), sendo por isto patrilateral, ou ben por medio da esposa (W), sendo neste caso un vínculo matrilateral. Outro factor a ter en conta é que a colateralidade parental pode estar referida respecto dos irmáns dos parentes lineais ascendentes.

As principais posibilidades coas que nos podemos atopar serían as seguintes:

1) Grupo extenso colateral patrilateral: cando o vínculo de irmandade se establece a través do esposo.

B: Irmán.
Z: Irmá.
BS: Fillo do Irmán.
BD: Filla do irmán.
ZS: Fillo da irmá.
ZD: Filla da irmá.
FB: Irmán do pai.
FZ: Irmá do pai.
MB: Irmán da nai.
MZ: Irmá da nai.

2) Grupo extenso colateral matrilateral: cando o vínculo de irmandade se establece a través da esposa (W).

B: Irmán.
Z: Irmá.
BS: Fillo do irmán.
BD: Filla do irmán.
ZS: Fillo da irmá.
ZD: Filla da irmá.
FB: Irmán do pai.
FZ: Irmá do pai.
MB: Irmán da nai.
MZ: Irmá da nai.

Tanto nos grupos de extensión lineal como nos de extensión colateral, podemos atopar convivindo parentes consanguíneos con vínculo patrilineal e parentes consanguíneos con vínculo matrilineal. Nestes casos denomínase o grupo como ambilineal.

Do mesmo xeito, existe a posibilidade de que nun grupo residencial apareza a presenza tanto de extensión lineal como de extensión colateral, caso que agruparemos na categoría de extensión lineal e colateral.

Outro dos criterios que se aplicará na descrición dos grupos residenciais extensos e múltiples será establecer cal é a distancia do parente coresidente respecto dos membros do núcleo conxugal de referencia. Teremos por un lado os parentes próximos, cando na descrición da posición xenealóxica que ocupan só necesitaremos percorrer un paso no campo xenealóxico:

a) Respecto do esposo (H) ou da esposa (W) no caso da extensión lineal ascendente e da extensión colateral. Por exemplo:

F: Pai.
M: Nai.
B: Irmán.
Z: Irmá.

b) Respecto dos fillos do núcleo conxugal de referencia no caso da extensión lineal descendente. Por exemplo:

SS: Fillo do fillo.
SD: Filla do fillo.
DD: Filla da filla.
DS: Fillo da filla.

Por outro lado, atopámonos diante de parentes distantes cando para describir a súa posición xenealóxica necesitamos percorrer máis dun paso no campo xenealóxico. Isto é así tanto para os grupos residenciais con extensión lineal directa (ascendente ou descendente), como para os grupos con extensión colateral. Nesta categoría de parentes distantes sitúanse entre outros os seguintes:

FF: Pai do pai.
FM: Nai do pai.
FB: Irmán do pai.
FZ: Irmá da nai.
BS: Fillo do irmán.
BZ: Filla do irmán.

Cando para describir a posición xenealóxica dun parente nos grupos residenciais extensos lineais e extensos colaterais necesitamos utilizar algún dos termos primarios de alianza (H: Esposo, W: esposa) estamos diante do que se denomina un parente afín.

Nos grupos residenciais extensos lineais considéranse como parentes afíns:

- Se o grupo é *patrilíneo*:

WF: Pai da esposa.
WM: Nai da esposa.

- Se o grupo é *matrilíneo*:

HF: Pai do esposo.
HM: Nai do esposo.

Nos grupos residenciais extensos colaterais son considerados como parentes afíns:

- Se o grupo é *patrilíneo*: (Tomando como referente o esposo do núcleo conxugal):

BW: Esposa do irmán.

ZH: Esposo da irmá.

WB: Irmán da esposa.

WZ: Irmá da esposa.

- Se o grupo é *matrilineal*: (Tomando como referente a esposa do núcleo conxugal):

BW: Esposa do irmán.

ZH: Esposo da irmá.

WB: Irmán da esposa.

WZ: Irmán da esposa.

A partir desta terminoloxía para as descrições dos tipos de parentes, temos elaborado unha serie de táboas nas que presentamos graficamente os datos de que dispoñemos acerca da distribución dos parentes coresidentes nos anos 1950, 1970, 1986 e 1998. Son catro táboas, unha para os grupos residenciais extensos lineais, outra para os extensos colaterais, a terceira para os que presentan tanto extensión de tipo lineal como colateral dentro do mesmo grupo residencial e outra para os grupos residenciais de tipo múltiple.

Ademais de distinguir a dirección das liñas extensas, dos parentes ou no seu caso dos núcleos conxugais secundarios, segundo sexan lineais ou colaterais, tamén se atende á diferenza entre as dúas posibilidades de trazar as liñas de parentesco, ben a través do esposo (H) ou ben da esposa (W). Quedan reflectidos igualmente os graos de proximidade, distancia e afinidade dos parentes coresidentes.

Na táboa 1 presentamos unha descripción dos tipos de parentes que conviven nos grupos residenciais con extensión lineal nos catro anos que analizamos nas tres parroquias do municipio da Capela.

O trazo máis significativo é a presenza maioritaria dos parentes consanguíneos directos ascendentes, o pai (F) e a nai (M), de ambos os dous cónxuxes do núcleo básico. En todos os anos atopamos unha presenza maior de ascendentes lineais femininos (nais) que de ascendentes lineais masculinos (pais), o que debe ser posto en relación coa maior esperanza de vida daquelas e a súa evolución ao longo da segunda metade do século XX. No caso dos pais, apréciase nos dous últimos anos estudados unha lixeira tendencia crecente (acorde co incremento dos anos de esperanza de vida tanto masculina coma feminina), pero sempre dentro do mantemento dunhas cantidades notablemente inferiores respecto das nais. Así, temos que a porcentaxe da presenza de parentes consanguíneos directos ascendentes femininos (M) con respecto aos masculinos (F) presenta a seguinte evolución: 1950 o 80.7 %, 1970 o 97 %, 1986 o 86.9 % e en 1998 o 69.3 %.

O segundo tipo de parentes con maior presenza nos grupos residenciais extensos lineais é o dos consanguíneos directos descendentes, fillos do fillo (SCh) e fillos da filla (DCh). Excepto no

Táboa 1: Tipos de parentes nos grupos residenciais extensos lineais (4a):

	19 50		19 70		19 86		19 98	
	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>
F	2	1	1	-	3	3	7	7
M	10	10	18	14	18	20	17	14
FF	1	-	-	-	-	-	-	-
MM	-	-	-	-	1	-	-	1
SCh	-	-	2	-	1	-	-	-
DCh	-	-	-	3	-	5	-	2
SW+SCh	-	-	2	-	-	-	-	-
F+FM	-	1	-	-	-	-	-	-
M+MM	1	-	2	-	-	-	-	1
F+DCh	1	-	-	-	-	-	-	1
M+WM	-	-	-	-	1	-	2	-
HM+DCh	-	-	-	-	1	-	-	-
WM+SCh	-	-	1	-	-	-	-	-
Non determinado	-	-	-	-	1	-	-	-

ano 1970 en que hai un 60 % deles que son fillos do fillo, nos demais predominan os fillos da filla, sendo estes o único tipo de descendentes consanguíneos directos nos anos 1950 e 1989. No ano 1986 a proporción é de un 85.7% de fillos da filla (DCh).

Os parentes consanguíneos directos distantes (no noso caso o pai do pai FF, a nai do pai FM e a nai da nai MM), xunto cos parentes afíns lineais ascendentes que atopamos (a nai do esposo HM e a nai da esposa WM) forman o terceiro grupo de parentes máis numeroso.

Como trazo máis sobranceiro ao longo de todo o período analizado temos que o tipo de parentes lineais próximos é o que conta cunha maior presenza nos grupos residenciais extensos lineais, máis alá do núcleo conxugal.

Na táboa 2 reflíctense os datos que temos obtido na descrición xenealóxica dos grupos residenciais con extensión de tipo colateral.

Estes datos poñen de manifesto a maior presenza do tipo de parentes lineais colaterais próximos, o irmán (B), a irmá (Z) e os irmáns e irmás (Sib). Salvo no ano 1970 no que os colaterais cercanos femininos acadan os dous tercios fronte aos masculinos, a proporción entre ambos é moi semellante, aínda que ben cunha lixeira superioridade (algo máis da metade, o 56 % en 1950, o 54 % en 1986 o 58 % en 1998) a favor das irmás (Z).

Táboa 2: Tipos de parentes nos grupos residenciais extensos colaterais (4b):

	19 50		19 70		19 86		19 98	
	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>
B	7	5	3	2	3	2	4	1
Z	10	5	5	4	4	2	5	2
Sib	5	-	3	-	-	-	1	1
FB	-	-	1	-	2	-	-	-
FZ	-	1	1	-	2	-	1	-
Fsib	-	-	1	-	1	-	-	-
Msib	-	-	-	-	-	1	-	-
MB	1	-	-	-	1	-	-	-
MZ	1	-	1	2	1	-	-	-
FFSib	-	-	1	-	-	-	-	-
B+FB	1	-	-	-	-	-	-	-
Sib+ZD	-	-	-	-	1	-	-	-
Sib+ZD+MZ	-	-	-	-	-	1	-	-
Z+FZ	-	-	2	-	-	-	-	-
BS	-	-	1	-	-	-	-	-
BD	-	-	-	-	-	1	-	-
ZD	1	-	1	-	-	-	-	-
B+BS	1	-	-	-	-	-	-	-
Z+ZS	1	1	-	-	-	-	-	-
Z+ZD	-	-	1	-	-	-	-	-
Z+HBS	-	1	-	-	-	-	-	-
FBW	-	-	-	-	-	-	1	-
MZH	-	-	1	-	-	-	-	-
FBW/MBW	-	-	1	-	-	-	-	-

O seguinte tipo de parentes con presenza nos grupos residenciais extensos colaterais é o dos irmáns e irmás dun parente lineal ascendente, neste caso o irmán do pai (FB), a irmá do pai (FZ), o irmán da nai (MB), a irmá da nai (MZ), os irmáns/irmás do pai (FSib) e os irmáns/irmás da nai (MSib). Representan en conxunto unha porcentaxe do 8 % en 1950, do 25% en 1970, do 36 % en 1986 e do 6% en 1989.

Un terceiro tipo de parentes corresidentes que atopamos é o dos fillos e fillas de parentes unidos por lazos de irmandade: os fillos do irmán (BS), as fillas do irmán (BD), os fillos da irmá (ZS) e as fillas da irmá (ZD). As porcentaxes que acadan son baixas a principios do período analizado, do 7% en 1950 e do 9.6 % en 1970, subindo ata o 13.6 % en 1986, e non aparecendo parentes corresidentes deste tipo nos grupos residenciais do ano 1998.

Táboa 3: Tipos de parentes nos grupos residenciais extensos colaterais (4c):								
	1950		1970		1986		1998	
	H	W	H	W	H	W	H	W
F+B	2	-	1	1	-	-	1	-
F+Z	2	-	1	-	1	1	-	1
M+B	2	1	-	4	1	4	1	3
M+Z	1	-	2	-	1	1	-	2
F+Sib	4	-	-	1	-	-	-	-
M+Sib	2	3	2	1	-	1	1	1
F+FB	-	-	1	-	-	-	-	-
F+MZ	-	-	-	-	1	-	-	-
M+FB	-	-	1	-	-	-	1	-
M+FZ	-	1	3	1	-	-	-	-
M+MB	-	-	2	1	-	-	-	1
M+MZ	2	1	-	-	1	-	1	-
F+B+FM	-	-	-	-	-	1	-	-
F+B+FB	-	-	-	1	-	-	-	-
F+B+FSib	-	-	1	-	-	-	-	-
F+B+MB	1	-	-	-	-	-	-	-
F+B+MZ	-	-	1	-	1	-	-	-
F+B+ZD	1	-	-	-	-	-	-	-
F+Z+FZ	-	-	1	-	-	-	-	-
F+FF+FB	1	-	-	-	-	-	-	-
F+FM+FB	1	-	-	-	-	-	-	-
M+B+FM	-	-	-	1	-	-	-	-
M+B+MB	-	-	1	1	-	1	-	-
M+B+FZ	-	-	-	1	-	-	-	-
M+B+FB+FM	-	-	-	-	1	-	-	-
M+B+WM	1	-	-	-	-	-	-	-
M+Z+FZ	1	-	-	-	-	-	-	-
M+Z+ZD	-	-	2	-	-	-	-	-
M+Sib+FZ	1	-	-	-	-	-	-	-
M+FM+FSib	1	-	-	-	-	-	-	-
M+MB+MBCh	1	-	-	-	-	-	-	-
M+MB+MMB	-	-	1	-	-	-	-	-
M+MZ+Z+ZCh	1	-	-	-	-	-	-	-
M+MSib	-	-	-	2	-	-	-	-
M+MMB	-	-	-	-	1	-	-	-
M+MFZ	-	-	-	1	-	-	-	-
M+FZD	-	-	-	-	1	-	-	-
B+FB	-	-	-	-	1	-	-	-
B+DCh	-	-	-	-	-	1	-	-
B+DCh+HSib	-	1	-	-	-	-	-	-
B+SW	1	-	-	-	-	-	-	-
B+WM+WZ	-	-	1	-	-	-	-	-
Z+WM	1	-	-	-	-	-	-	-
Z+DCh	-	-	1	-	1	-	-	-
M+WMB	-	-	-	-	1	-	-	-
M+WBS	-	-	-	-	1	-	-	-

Táboa 4: Tipos de parentes nos grupos residenciais múltiples (5):

	1950		1970		1986		1998	
	H	W	H	W	H	W	H	W
F+M	5	4	14	8	18	18	17	8
F+M+B	2	8	3	2	2	2	1	1
F+M+Z	2	3	4	4	-	-	-	2
F+M+Sib	4	1	4	1	2	4	1	1
F+M+FF	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+FM	-	-	-	-	-	3	1	-
F+M+MM	-	1	-	-	1	-	-	-
F+M+FF+FM	-	-	2	-	1	-	1	-
F+M+MF+MM	-	-	-	1	-	-	-	-
F+M+MM+MZ	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+MM+MFZ	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+MM+MMZCh	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+MM+MZ+ZCh	-	-	-	1	-	-	-	-
F+M+Z+FM	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+B+MM	-	-	-	-	1	2	-	-
F+M+Z+MM	-	-	-	2	-	-	-	-
F+M+Z+MM+ZCh	-	-	-	-	1	-	-	-
F+M+Sib+FM	-	-	-	1	-	-	-	-
F+M+Sib+MM	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+B+FF+FM	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+FB	-	-	-	2	-	-	-	2
F+M+MB	-	-	-	1	-	2	1	-
F+M+MZ	-	2	-	-	4	-	-	-
F+M+FZ	-	-	2	3	1	1	2	-
F+M+B+FZ	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+B+MMZ	-	-	-	2	-	-	-	-
F+M+B+MB	-	-	-	-	1	-	-	-
F+M+Sib+FB	2	-	-	-	-	-	-	-
F+M+Sib+MB	-	-	-	-	-	-	1	-
F+M+Z+FF+FB	-	-	1	-	-	-	-	-
F+M+Z+FMZ	-	-	-	-	1	-	-	-
F+M+B+DCh	-	-	-	1	-	-	-	-
F+M+B+ZCh	1	-	-	-	-	-	-	-
F+M+Z+ZCh	-	-	1	1	1	-	1	-
F+M+Z+ZH+ZCh	-	-	-	1	-	-	-	-
F+M+Sib+ZH+ZCh	-	-	-	-	1	-	-	-
F+M+Sib+ZCh	1	-	-	-	1	-	-	-
F+M+WF+WM	-	-	-	1	1	-	-	-
F+M+WB	-	-	-	-	-	-	1	-
F+M+B+BW	-	-	-	-	-	1	1	-
F+M+B+BW+BCh	-	-	-	-	1	-	-	-
F+M+Z+WM	1	-	-	-	-	-	-	-

	1950		1970		1986		1998	
	H	W	H	W	H	W	H	W
F+M+Sib+BW	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+Sib+BW+BCh	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+Sib+WB	1	-	-	-	-	-	-	-
F+M+Sib+Wsib	1	-	-	-	-	-	-	-
F+M+DCh	-	-	-	-	-	1	-	-
F+M+ZD	-	1	-	-	-	-	-	-
F+M+ZCh	1	-	-	-	-	-	-	-
M+MF+MM	-	-	-	-	-	1	-	-
M+MM+MZ+MZH	1	-	-	-	-	-	-	-
M+MZ+MZH	-	-	-	-	1	-	-	-
FB+FBW	-	-	-	-	1	-	-	-
FZ+FZH	-	-	-	2	-	-	-	-
MB+MBW+MBCh+MBSib	-	-	1	-	-	-	-	-
MZ+MZH	-	-	-	1	-	-	1	-
MZ+MZH+MZHZ	-	-	-	-	-	1	-	-
B+BW+BCh	-	-	-	-	-	1	-	-
Z+ZH+ZCh	-	-	-	-	1	-	-	-
Z+ZH+ZCh+M	-	-	-	-	1	-	-	-
Z+ZD+ZDH	-	1	-	-	-	-	-	-
MZ+MZH+MZHZ	-	-	-	-	-	1	-	-
B+BW+BCh	-	-	-	-	-	1	-	-
Z+ZH+ZCh	-	-	-	-	1	-	-	-
Z+ZH+ZCh+M	-	-	-	-	1	-	-	-
Z+ZD+ZDH	-	1	-	-	-	-	-	-

Nos grupos residenciais extensos lineais e colaterais (4c) as características que sobresaen en canto ao tipo de parentes coresidentes reflicten en gran medida as pautas que temos atopado nos grupos extensos lineais e extensos colaterais por separado.

Existe un claro predomínio dos parentes consanguíneos ascendentes directos (F e M), con maior presenza das nais fronte os pais, así como dos parentes colaterais próximos (B e Z), neste caso con maior presenza de irmáns que de irmás. En conxunto son máis frecuentes as combinacións de parentes nas que entra a formar parte a nai de un dos cónxuxes (M), aínda que é máis corrente que se trate da nai do esposo.

Nos grupos residenciais múltiples temos que o segundo núcleo conxugal coresidente está maioritariamente formado polos parentes consanguíneos ascendentes lineais, é dicir, o pai (F) e a nai (M) dun dos cónxuxes do núcleo conxugal de referencia. Nos núcleos conxugais coresidentes a proporción de liñas patrilineais (pai e nai do esposo) e matrilineais (pai e nai da esposa) é semellante en case todos os anos analizados; tan só no ano 1989 obsérvase unha notable diferenza, xa

que os casos de unidades conxugais coresidentes formadas polo pai e a nai do esposo do núcleo conxugal de referencia son o dobre que da esposa.

O seguinte tipo de parentes con maior presenza é o dos consanguíneos colaterais próximos (B, Z, Sib); no ano 1950 as dúas terceiras partes dos fogares contan con parentes deste tipo, e esa proporción vai descendendo paulatinamente: a penas atopámoslos na metade dos fogares en 1970, na cuarta parte dos fogares en 1986 e en menos da quinta parte dos fogares en 1989.

Outro dos aspectos que caracteriza a particular transformación da composición dos grupos domésticos múltiples na segunda metade do século XX na Capela é que nos anos 1950 e 1970 máis do 70 % destes grupos domésticos contan ao mesmo tempo con parentes de liñas extensas lineais e colaterais; nembargantes nos anos 1986 (60 %) e 1998 (67 %) son os parentes lineais os que predominan nos grupos residenciais múltiples.

Tamén é de reseñar o feito de que é moi reducida a presenza de núcleos conxugais coresidentes secundarios que se atopen formados por algún irmán ou irmá do esposo ou da esposa do núcleo conxugal de referencia (aquele onde temos situado a ego). Dúas terceiras partes dos casos nos que atopamos un núcleo conxugal coresidente de liña colateral están formados por sobriños.

Para ter unha imaxe máis xeral de cales son as liñas de parentesco predominantes dos grupos residenciais extensos e múltiples e cales teñen sido as transformacións que se experimentaron ao longo da segunda metade do século XX, elaboramos a táboa 5.

Táboa 5: Tipo de liñas de parentesco nos grupos residenciais extensos e múltiples.

	1950		1970		1986		1998	
	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>	<i>H</i>	<i>W</i>
4.Extensos	65	28	67	41	49	45	41	37
Total *	98		112		100		81	
5.Múltiples	18	22	37	31	35	40	34	15
Total *	43		73		85		49	

* No total inclúense ademais de patrilineais (H) matrilineais (W), os grupos domésticos ambilineais así como os non determinados.

No conxunto dos grupos residenciais extensos encontramos que a liña patrilineal maioritaria nos anos 1950 (58 %), 1970 (56.2 %) e 1998 (57.6 %). Nembargantes no ano 1986 hai case a mesma porcentaxe de liñas patrilineais (45.4 %) e matrilineais (45.9 %), cunha lixeirísima maioría destas últimas.

Agora ben, se nos detemos a analizar por separado cada tipo de grupo residencial, obtemos matizacións significativas. Así, nos grupos residenciais extensos encontramos que as modifica-

cións que experimentan na súa composición en relación co predominio dalgunha liña de parentesco, segue o patrón que temos establecido para todo o conxunto de grupos residenciais extensos e múltiples. A única excepción a isto teríamola en que as liñas matrilineais non superan ás patrilineais en ningún dos anos analizados.

Nos grupos residenciais múltiples as transformacións que experimentan as proporcións de cada unha das liñas de parentesco presentan particularidades respecto do patrón xeral mencionado máis arriba. En ningún dos anos analizados se repiten as proporcións do anterior, alternándose sucesivamente o predominio da liña patrilineal nuns anos (50.6 % en 1970 e 69.3 % en 1998), co predominio da liña matrilineal nos outros (51.1 % en 1950 e 47 % en 1986).

Pero posiblemente o trazo máis destacado atopémolo en que ao longo dos tres primeiros anos seleccionados na nosa análise tanto porcentualmente como en números absolutos as liñas patrilineal e matrilineal oscilan dentro duns valores moi aproximados entre si, decantándose xa por unha ou xa pola outra. Pero no ano 1989 atopámonos con que a liña patrilineal abrangue case os dous tercios de grupos domésticos múltiples, experimentándose na liña matrilineal unha caída porcentual e absoluta moi acusada.

COMPOSICIÓN DO GRUPO RESIDENCIAL EN RELACIÓN COA IDADE DE *EGO*

Un xeito de poder analizar algúns dos aspectos das modificacións ao longo do tempo na composición e estrutura dos grupos domésticos é atender á idade do parente que se toma como *ego*. Tal e como se fixo ata agora no caso dos fogares cun só núcleo conxugal, cando falamos de *ego* referímonos ao esposo (H) e, nos casos nos que corresidan máis dun núcleo conxugal, tomamos como *ego* ao esposo (H) do núcleo máis novo.

Temos elaborado unha serie de táboas nas que en cada un dos anos que tomamos como referencia poñemos en relación á idade de *ego* cos tipos de grupo residencial múltiple, extenso e conxugal. Para elo, establécense seis tramos de idade posibles, de dez en dez anos. Os dous primeiros abranguen ata os 35 anos, e neles realízanse, tal como puidemos constatar nas fontes documentais utilizadas, a gran maioría dos matrimonios na Capela.

Grupos residenciais segundo a idade de *ego*.

Ano 1950	≤ 25	26-35	36-45	46-55	56-65	≥ 66
Conxugal (a + b)	7	23	29	28	10	8
Extensa	12	30	26	20	8	5
Múltiple	8	24	9	1	-	1

Parentesco e formas domésticas nas terras do Eume (1950-1998)

Ano 1970	≤ 25	26-35	36-45	46-55	56-65	≥ 66
Conxugal (a + b)	3	10	25	26	24	12
Extensa	3	21	45	34	5	5
Múltiple	13	29	22	7	1	1
Ano 1986	≤ 25	26-35	36-45	46-55	56-65	≥ 66
Conxugal (a + b)	-	13	20	32	28	23
Extensa	1	8	24	57	20	15
Múltiple	19	37	23	4	2	-
Ano 1998	≤ 25	26-35	36-45	46-55	56-65	≥ 66
Conxugal (a + b)	1	8	23	27	30	47
Extensa	-	6	10	31	22	12
Múltiple	3	12	17	15	2	-

Nos dous primeiros intervalos de idade, ata os 35 anos, obtemos unha imaxe que pon de manifesto unha significativa primacía dos grupos residenciais de tipo múltiple, exceptuando o ano 1950 no que hai un 30.7 % deste tipo de grupos residenciais, en torno a un 50 % dos casos. Pero a proporción máis alta de grupos residenciais múltiples en relación cun *ego* de ata 35 anos prodúcese en 1986 cun 71.7 %.

Neste mesmo intervalo de idade vemos que, nos dous primeiros anos analizados detrás dos grupos múltiples, predominan os fogares extensos cunha tendencia decrecente (40.3 % en 1950 e 30.3 % en 1970). Nembargantes nos anos 1986 e 1998 invírtese a proporción e agora, tralos grupos múltiples, o que predomina son os grupos de tipo conxugal cunha tendencia crecente: 16.6 % e 30 % respectivamente.

No intervalo de idade de 36 a 45 anos temos que os grupos de tipo conxugal están a maioría en 1950 (45 %) caendo esta porcentaxe nos anos intermedios da segunda metade do século XX nos que predominan os grupos extensos (48.9 % en 1970 e 35.8 en 1986), e recuperando uns valores do 46 % en 1989.

Os grupos residenciais de tipo múltiple nesta franxa de idade experimentan un constante aumento estabilizándose nunhas porcentaxes do 34 % en 1989.

A partir dos 46 anos hasta os 55 o grupo residencial con máis presenza é o de tipo extenso, (exceptuando 1950 en que é o tipo conxugal co 57.1 %). Neste intervalo de idade os grupos múltiples experimentan un claro descenso en todos os anos ata o ano 1989 en que se recuperan e chegan ao 20.5%.

Nos *egos* con 56 ou máis anos temos que o grupo residencial predominante é con claridade o conxugal que en ningún ano baixa do 56 %; os grupos do tipo extenso ocupan en todo o período o segundo lugar en porcentaxe, e no que se refire aos grupos de tipo múltiple descenden ata niveis que non superan en ningún ano o 4.1%.

Un trazo que tamén interesa subliñar é relacionar a proporción de grupos de tipo múltiple cos grupos de tipo extenso en cada tramo de idade. Ata os 35 anos, se exceptuamos 1950, os grupos de tipo múltiple superan amplamente os grupos extensos nunha diferenza de porcentaxe que vai en aumento. Esa diferenza de proporción invértese a favor dos grupos extensos no intervalo de 46-55 anos de idade de ego e consolídase contundentemente no tramo de 56 ou máis anos de idade.

Como trazos xerais podemos formular que no grupo de idade ata os 25 anos é significativa a presenza de estruturas múltiples, incrementada notablemente no grupo de 26-35 anos. Incluso vemos como a medida que nos aproximamos á actualidade, nese grupo de idade, a diferenza entre estruturas múltiples e extensas aumenta a favor da primeira delas. Estes datos coinciden co feito de que é neses grupos de idade cando se forman os novos matrimonios que pasan a conviviren co núcleo conxugal xa existente no grupo residencial. Nestes casos estase seguir a pauta do modelo troncal no que conviven dous matrimonios de xeracións sucesivas na casa.

Nas franxas de idade entre 36-45 así como entre 46-55 predominan as estruturas múltiples e conxugais. E xa nos últimos grupos de idade os grupos de tipo múltiple redúcense ou incluso desaparecen. O aumento da esperanza de vida dos anciáns é un dos factores que favorece o incremento das estruturas extensas nesas franxas de idade nos anos máis recentes.

TRANSFORMACIÓNS NOS GRUPOS RESIDENCIAIS CONXUGAIS, EXTENSOS E MÚLTIPLES (1970-1998)

Imos presentar unha panorámica das transformacións habidas en todos os grupos residenciais con núcleo conxugal. O obxectivo é comprobar cales son os cambios máis frecuentes producidos e intentar comprobar se se poden tirar algunhas pautas ou tendencias xerais.

Para realizar isto elaboramos a seguinte táboa, na que partindo do tipo de estrutura que presentan os grupos residenciais no ano 1970, comprobamos cal foi a transformación de todos eses grupos que amosan 28 anos despois, no 1998.

É importante facer algunhas puntualizacións iniciais. Primeiro a xustificación do período elixido para elaborar a táboa. Non é outro que ter en conta que se trata duns anos (entre 1970-1998)

nos que os nosos informantes sitúan as transformacións que eles perciben como máis determinantes: xeralízase a especialización gandeira combinada con ingresos industriais, é o período no que máis posibilidades existen de establecerse e facer vida fóra da casa patrucial á marxe da actividade agropecuaria. Neste período sitúan tamén a xeralización do descenso no número de fillos nas familias así como o feito de que maioritariamente podan acceder eses fillos a realizar estudos e marchar fóra durante a súa xuventude. Estas circunstancias cambiantes, xunto con outras como a dureza do traballo na explotación familiar, explicarían para eles que as familias cada vez sexan máis pequenas e con menos xeracións convivindo, perdéndose os vellos modelos culturais de estruturación dos grupos domésticos.

Unha segunda puntualización importante consiste en que, ademais das condicións que se empregaron en todo este estudo, para este caso concreto na selección dos grupos conxugais analizados optouse por considerar aqueles que existen nas dúas datas de referencia. Non ten sentido contabilizar grupos domésticos que entre 1970 e 1998 non se reproduciron, ou aqueles que non existían no 1970 por se crear máis recentemente.

Escolléronse 82 grupos residenciais de tipo conxugal en 1970. Nestes a transformación que máis se produciu foi cara a un tipo extenso pola incorporación ao núcleo doméstico dun cónxuxe para un fillo ou filla casado na casa e a morte dalgún dos membros do núcleo conxugal orixinal no 1970. A segunda possibilidade de extensión é xeralmente de tipo lineal ao pasar a residir no grupo doméstico algún dos proxenitores do cónxuxe que entrou na casa por matrimonio con algún dos fillos. Tamén hai algún caso, pero son os menos, nos que a extensión se produce pola incorporación dun parente colateral, por exemplo un sobriño, para dar continuidade á casa en ausencia de descendencia directa.

A segunda transformación máis frecuente nos grupos conxugais foi no sentido de que a casa queda con só un parente, xa sexa un dos cónxuxes sobreviventes ou un descendente solteiro e sen descendencia. O tipo de grupo é o solitario. Pero nos grupos domésticos de tipo conxugal o máis frecuente consiste na continuidade do ciclo continuando a ser de tipo conxugal.

Nos grupos residenciais extensos a tendencia máis frecuente de transformación diríxese cara ao tipo de grupo conxugal, sendo o proceso máis habitual o falecemento dalgún ascendente do núcleo conxugal que residía na casa. Seguen en frecuencia o falecemento de colaterais. Estas dúas variantes son as que máis veces se producen e seguen o patrón de transformación do ciclo de desenvolvemento doméstico. A seguinte posibilidade máis frecuente nos grupos residenciais extensos é que continúen sendo tales mantendo similar composición xenealóxica.

A terceira posibilidade de transformación en frecuencia de aparición consiste en que o grupo extenso pasa a ser múltiple. En case todos os casos un dos descendentes directo casou na casa pasando a residir patrilocalmente.

Transformacións nos grupos residenciais entre 1970-1989:			
<i>1970</i>		<i>1998</i>	
Conxugais	82	Solitarios	20 24.3 %
		Sen núcleo	4 4.8 %
		Conxugais	31 37.8 %
		Extensos	21 25.6 %
		Múltiples	6 7.3 %
Extensos	99	Solitarios	7 7 %
		Sen núcleo	2 2 %
		Conxugais	41 41.4 %
		Extensos	27 27.2 %
		Múltiples	22 22.2 %
Múltiples	65	Solitarios	5 7.6 %
		Sen núcleo	- -
		Conxugais	24 36.9 %
		Extensos	21 32.3 %
		Múltiples	15 23 %

Os grupos residenciais de tipo múltiple presentan unha tendencia maior a transformarse en grupos conxugais, xeralmente polo falecemento dos membros do núcleo conxugal de maior idade. Un segundo proceso para esa mesma transformación, aínda que moito menos frecuente, é a saída da casa do núcleo conxugal máis novo.

A segunda pauta de transformación que aparece con máis asiduidade nos grupos múltiples de 1970 é a perda dalgún dos cónxuxes do matrimonio de máis idade, sobrevivindo o outro.

Dun xeito xeral podemos concluír que as pautas de transformación na estrutura dos grupos residenciais non seguen un único modelo. Os grupos conxugais son os que presentan unha menor transformación co tempo, e no caso de tela pode dirixirse cara ao tipo de grupo extenso fundamentalmente, pero tamén pode facelo cara a unha estrutura de tipo solitario. Neste último caso, case tan frecuente como o anterior, rómpese o proceso de ciclo doméstico habitual na reprodución das casas que seguen as pautas culturais de troncalidade.

Nos grupos domésticos extensos e múltiples as pautas de transformación son máis reducidas e dentro da variabilidade pódese dicir que seguen en gran medida o modelo de desenvolvemento do ciclo doméstico paralelo á troncalidade. Hai unha porcentaxe de grupos domésticos, en torno a un 20 %, que claramente seguen ese modelo, pasando por unha fase de tipo múltiple, logo

a unha fase de tipo conxugal ou ben extensa, e logo volven ter unha fase de tipo múltiple. Queremos volver a incidir no feito de que a adecuación a estas pautas non é algo ríxido, senón que os procesos polos que se seguen son diversos e non sempre literais con respecto ao modelo troncal teórico.

CONCLUSIÓN

Creemos que a análise realizada das formas domésticas na Capela amosa que existen elementos significativos que nos permiten afirmar que nesa área existe unha perceptible vixencia de modelos tradicionais de organización doméstica. Neste sentido a percepción que da súa historia local teñen os nosos informantes neste punto non se corresponde cos datos que obtivemos.

Vimos que a presenza de parentes próximos tanto de tipo lineal como colateral nos grupos residenciais é abundante. Este é un feito que debe ser relacionado co modelo doméstico que C. Lisón Tolosana estableceu para esta zona de Galicia no que a residencia patrilocal do fillo millozado é a norma cultural. Este fillo é quen herda a maior parte do patrimonio familiar e dá continuidade á casa como institución. Polo tanto a transmisión hereditaria é parte significativa dos mecanismos para a reprodución da casa (familia e explotación familiar). Asemade a coresidencia do fillo casado na casa e os seus pais segue tendo plena vixencia en toda a segunda metade do século XX, así como as normas culturais de coidado dos pais e de coresidencia na casa dos irmáns solteiros.

Nembargantes as cousas non son simetricamente iguais. Os tempos cambiaron e as circunstancias ás que hai que facer fronte son outras ben diferentes. Factores como o incremento da esperanza de vida teñen moita importancia. Evidentemente favorecen que existan máis fogares nos que vivan xeracións de xente maior. Pero tamén limitaron moito as posibilidades do fillo que queda na casa de exercer a xestión directa da granxa familiar. Isto nalgún caso podía disuadir a algún fillo de aceptar ser o que queda na casa, sobre todo cando as posibilidades de facer vida fóra da casa eran francamente amplas (lémbrese a auxe do sector industrial). Temos visto grupos domésticos que seguiron esta liña: abandono da casa familiar quedando sen perspectivas de viabilidade na súa continuidade.

Os datos obtidos presentábanos un panorama no que os grupos do tipo extenso e múltiple non só non desapareceron senón que incluso aumentaron. A dirección do cambio, malia a visión de que a modernización e mecanización expulsa a xente do campo, ten que ser matizada. É algo notorio que na Capela se ten producido un cambio amplo, pero temos que afirmar que ese cambio non implicou a desaparición dos antigos modelos domésticos que vemos convivir con novas pautas e ideais. O que cremos que ocorre é que o proceso que se deu nese cambio aumentou as posibilidades dos capeláns á hora de organizar as súas unidades domésticas dun xeito culturalmente apropiado.

Resulta moi interesante que nesta área o que se considerou culturalmente adecuado ao longo de todo este período de case 50 anos que estudiamos é significativamente diferente do que atopamos en zonas tan próximas como As Pontes, Vilarmaior ou, incluso o que resulta máis chamativo, as antigas parroquias da Capela que pasaron para o concello das Pontes e que compartiron coas parroquias de Caaveiro, Cabalar e Capela unha boa parte dos anos que aquí temos analizado.

Cos datos que temos analizado cremos que se pode afirmar a hipótese de partida coa que formulabamos que na área de estudio encontramos plenamente viventes tradicionais pautas de comportamento, neste caso referidas á estrutura e composición dos grupos domésticos, operando nun contexto novo. Estamos pois diante dun claro exemplo no que se cuestiona a pretendida relación directa e unívoca entre "modernización" e declive dunhas particulares estruturas de parentesco, aínda que nalgúns casos esto sexa así.

Afirmando a súa utilidade para a comparación, hai que dicir que é certamente un problema o aplicar tipoloxías máis ou menos flexibles ao estudio das estruturas domésticas, xa que sempre as variacións coas que nos atopamos son maiores. Esa diversidade introduce matices que hai que tratar de capturar. Constatar a persistencia dunhas determinadas formas domésticas non é suficiente, senón que pensamos que cómpre contextualizarmos esas formas dentro do sistema cultural no que están. Pero esto xa será tema para outra investigación.

BIBLIOGRAFÍA

- BERKNER, L. "The stem family and the developmental cycle of the peasant household: An eighteenth century Austrian example". *American Historical Review*, 77. 1972.
- BESTARD CAMPS, J. *Casa y familia. Parentesco y reproducción doméstica en Formentera*. Institut D'Estudis Balearics. Palma de Mallorca. 1986.
- CHACÓN JIMÉNEZ, F. (ed.) *Historia social de la familia en España*. Alicante 1990.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. *Antropología de un viejo paisaje gallego*. CIS-Siglo XXI. Madrid. 1984.
- FERNÁNDEZ DE ROTA, J.A. e IRIMIA FERNANDEZ, M. *Los protagonistas de la economía básica. La vanguardia ganadera y la casa en el este de la provincia de A Coruña*. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña. 1998.
- GIBBON, P. e CURTIN, C. "The stem family in Ireland" en *Comparative Studies in Society and History* 20. 1982.

GOODY, J. (ed) *The developmental Cycle in domestic Groups*. C.U.P. Cambridge. 1958.

HAMMELL E. e LASLETT, P. "Comparing household structure over time and between cultures"
Comparative Studies in Society and History, 16, 1974.

LASLETT, P. e WALL, R. *Household and Family in Past Time*. Cambridge. Cambridge University Press. 1972

LISÓN TOLOSANA *Antropología cultural de Galicia*. Akal. Madrid, 1990 (orix. 1979).
Invitación a la antropología cultural de España. Akal. Madrid. 1991 (orix. 1980).
Pérfiles simbólico morales de la cultura gallega. Akal. Madrid. 1981 (orix. 1974).

"Estructura antropológica de la familia en España" en Rof Carballo, J (ed). *La familia, diá - logo recuperable*. Karpos. Madrid. 1976.

REHER, DAVID S. *La familia en España pasado y presente*. Alianza Universidad. Madrid 1996.

ROGERS, S.C. *Shaping Modern Times in Rural France. The Transformation and Reproduction of an Aveyronnais Community*. Princeton University Press. Princeton. 1991.

RUGGLES, S. "The Transformation of American family structure", *American Historical Review*, 99, 1994.